

O ANTROIDO

Por cinco perros ó mes
tés Antroido tod o 'ano,
e sin saír d' a laroira
á calquera mamarracho



que, con disfraz fai un home
e sin él é un estropazo,
lle sacarás a carántula.....
si afroxas antes os cartos.

TRANGALLADA PRA TODOL-OS XUEVES DE TODOL-AS SEMÁS DE TODOL-OS ANOS.—AMEN.

BANDO.

Eu, o Antroido, Amo e Señor d' o mundo d' os tolos-cordos, Rey d' a diversion e d' as carantoñas; Presidente d' todas as mesas en que se comen galdumeiradas, porco e outros peixes; Gastrónimo maór pr' as filloas, freces e orellas de frade; Vichuco d' o bó viño e d' os chinguiritos; condecorado con rastras de chourizos e biñuelos de vento por benemérito en trangalladas maores e menores, etc., etc.

Ordeno e mando:

Artículo 1.º Que dende hoxe hastra o miércoles d' a cinza total-os meus vasallos deixen a cara fera que durante o ano poñen pra s' enganar uns á outros finxind' o que non son.

Art. 2.º Que non fagan ningunha labore que ll' estorbe a cocion d' os lacós con berzas e demais bitualhas de qu' han de facer uso n' estos días.

Art. 3.º Que s' adivirtan, con carantoñas ou sin elas, en calquera parte en que s' atopen, despois de ben cheos, a s' arrostar.

Art. 4.º Que vayan os bailes qu' en honor meu s' han de facer n' os sitios que teño dispostos, n' os cales pol-os cartos, poderán refrendal-a cédula si xa a levan de fora' ou adiquirila alí si chegan sin ela.

Art. 5.º Non consinto que co-as rapazas usen malos modos é parolas porcas: ós que tal fixeran serán unstupeiros mal aducados.

Art. 6.º Prohibo que, tanto n- as celles, como n- as casas e bailes haxa polémecas e recertas, así como tamen que se ceiben uns á outros cousas que lixuguen ou magoen, sin que valla de pretexto pra fuxir d' o rheu noxo a honriña de valente ou as calabazas d' a neve. Si alguen o fai, irá á parar c- os seus hósos á casa de pouco millo, pra que hote un baile co-as ratas.

Art. 7.º Por mais qu' o meu mando acaba o martes ás doce d' a noite, conviñemos co-a Coaresma en que reinarei tamen o miércoles, co-a condición de qu' a xente non poña de día carantoña e que vaya de noite ó treato pra oír as mandas qu' á todos deixo en mostra d' agradecemento.

Art. 8.º Queda permitido ás casadas o uso d' o disfras, así como de toda clás de bromas, pro o- o beneplácito d' o seu apoderado universal: n- o caso de contravencion, aquélas prestarán fianza co-as costas pra pago d' as responsabilidás en que poidan incurrir.

Art. 9.º As raparigas casadeiras quedalles permitidas total-as artimañas, cebos e anzolos que consideren necesarios pr' a pesca de neivos; recomendándolles qu' afirmen ben os pés pra qu' os peixes non as fagan escorrer e medir o chan ó tirar d' o cebo.

Art. 10 e último. Requero e aconsello ós meus vasallos que favorezan n- co-a súa presenza (e a s- suas cadelas) o espectáculo treatal qu' a miña moi amada súdita a xunta direutiva d' o Liceo téndisposto pr' o miércoles, correspondendo así ós sacrificios qu' a mesma se impo n- pra que non decaya a legria que debe reinar en ta n- solenes festexos.

Espero qu' o meu amado p obo com prirá c- o que mandado deixo, dando de maneira tal mostra de qu' é dino de que volva á ser gobernado moi logo pol- o seu rey e señor

O ANTROIDO

QUEN SON EU.

Eu sonvos o fantasma d' as locas alegrías co-as qu' esquencer seus males pretende a humanidá; todol-os anos morro, ma' pásame o qu' ó fenís, e d' as miñas ciinzas volvo á rezositar.

Alá, cando de cóte vagaban pol- o espacio espirtos, meigas, trasnos asustand' o fogar, pra bulra d' erexes sacáronme d' a nada fillo d' os seus rencores, feo como meus país.

Tod' as estravagancias de sigros de loucura e todol-os caprichos que téndis a sociedad puxéronmos n- a cara, sin ver que son espello que resalta os defeutos que queren ocultar.

Son pretexto inocente durante o meu reinado pra qu' o cristian' orbe, rompendo co-a moral, n- o fango d' os praceres s' emborcall' e remexa, e antes chegue ó cansansio que non á saciedad.

Eu, tendo por padriño a fé d' aqueles sigros en qu' era forza o douma n- a fogueira limpar, din ó Inferno mais almas qu' os demos todos xuntos en bailes, en orxias e lances c- o disfras.

Son en finxir mayestro, curman d' a hepocresía, a miña carantoña continua moda é xá, que saben os mortales qu' n- o mundo qu' habitan saca a mellor tallada quen sabe enganar mais.

Ó escoitar meu nome de gozo brinc' a xente, fan un punto de polka a nena y- o galán, giotós e bebedores relámense os fuciños qu' á viño e laccadas lles sabe o paladar.

Lárgalos, burros, cornos son d' a miña cosecha, e sinte qu' a xiringa prohibir' a outoridá, qu' aínda que son vello tamen teñ' os meus gustos, y- entr' eles non teñ' outro com' o de xiringar.

En fin, si pol- as señas non dades c- o meu nome non sodes d' o dios Momo seutarios de verdá, que sodes uns monárquicos ó estilo d' hoxe en día que solo s' antusiasman si lles dan credencial.

Anque son soberano, marchándome c- o sigro, me fixen mais damócrata qu' o mesmo Castelar, e á todol-os vasallos dou iguaes dereitos sin outros privilexos qu' os qu' otorga o caudal.

Non quero qu' os ediles coticen a legria comprando eso que chaman «antusiasmo oficial»: estim' os vosos vivas si herades de valde cand' o domingo prósimo fag' a entrada trunfal.

Vosotros preguntades:—¿Qu' eres tí que te finxes rey, mendigo, farsante, mentira e realidá? Meu nome garantiza qu' é cert' o que vos digo; Son o ANTROIDO, acramado por rey d' a bacanal.

A. V. T.

O VELO D' ABADESA.

(CONTO.)

I.

Habia, aló n' as Rias-Baixas, preto de Rianxo, non sei en que tempos, un covento de moito nome pol-a santidá qu' ouseraban total-as monxas que n' el vivian, comian e rezaban.

Unha rapariga chamada Sabela, boa moza e de boa crás, pol-os parentes que tiña, vivia n' el facia algun tempo, cando certo día foi á vela pol-o torno un parente seu n' a compañía d' un amigo, xoven e arrogante mozo. O vélo á monxiña namorouse tolamemente d'él, socednedoll' outro tanto ó xoven de que vos falo; mais, durante moito tempo, non outuveron outro froito d' o seu amor se non tromentos e privaciós.

Así é todo, como ós dous soilo pensaban n' o modo de verse ó d' estar xuntiños, ó rapás, qu' era ó mesmo díaño en preso e ardía n' un candil, cavilou á maneira, e atopouna, de meterse n' o convento e n' a celda d' a rapaza sin que naide ó vise. Contentiños puxéronse o ver tal descubremento, é un día é outro tomaron a revancha d'os aunos que pasarán, disfrutando por moito tempo d' a felicidade á mans cheas. O fin do remate a fortuna volveulles a espaldra...

Moita era a bonitura de Sabela e moita a gallarda de Calros—est' era o nome d' o rapás—pra qu' non estivese esposta ós celos d' as outras relixiosas, que se decataban d' o que socedía n' o convento. Certo día noite unha d' as monxas viu sair ó rapás d' a celda e Sabela, que auto participou seu descubremento á algunhas compañeiras, ás que resolveron poñel-o feito en conocimiento d' a madre Abadesa, que se chamaba González, é a qu' os ollos d' as demais monxas, e de cantos a conecian, era unha huchaña de santidá e beatidá.

C' o fin de que se creara sua acusación, é de que Sabela non poidese negala, cavilaron d' o modo qu' Abadesa collese a monxa n' os brazos de Calros; todas puxéronse con ollo pra pillar n' o niño a probe pomba, que non coidaba que migalla se souese. Unha noite que citara o mozo, ás condenadas d' as espías viromno que entrar n' a celda, e conviñeron en dexar os algos ma-nutos soilos os dous, antes d' armalos a quimeria; logo forman dúas seuciós, como bós soldados, unhas vixilan á celda por diante e por detrás e outras corren á cird' á Abadesa.

Chámanll' á porta d' a sua celda é din berrando: ¡Vinde logo, señora, vinde logo, qu' a hirmá Sabela está pechada n' o seu cuarto e un rapás!

A cubir tales berros, á Abadesa, toda chea de medo, temerosa de qu' as monxas lle botasen a porta e abaixo é atopasen d' aquela ó crego qu' a vesitaba, e a boa señora facia entrar n' o convento meténdose no peito d' unha bica sin tapa, irgueuse, vistiuse ó modo d' un mozo, e pensando cobril-a cabeza c-o velo mais non poida ver os calzós d' o crego, berrando á Dica? Onde está esa filla maldecida de...

Chegan á celda de Sabela, letan a porta abaixo e alcontran á parella namorada. Com' os pillan de sópeto, ó medo e ó encollemento deixoaron com'

ve; pro ás monxas apoderáanse d' a rapaza á que, pol-a orden d' Abadesa, levárona á outro cuarto. O rapás quedouse n' a celda e propúxose agardal-o remate d' aventura, resolt' a vengarse d' as monxas que caesen n' as suas mans, se non respetaban á rapaza.

A superiora cheg' o cuarto ond' esta Sabeliña, e séntase n' o seu sillón; os ollos de total-as monxas estan fixos en Sabela. Empez' á mañre Abadesa seu sarmon cheo d'inxurias; trat' á probe nena com' unha muller qu' e' o que fixera, luxab' ó bon nome que tiñ' ó convento.

Sabela, chea de vergonza, roxa com' as cereixas é con medo non s' astreve á falar nin erger os ollos d' o chan.

A Abadesa sigue que te siguirás, sin rematal-o sarmon.

Sabeliña, cal si recollese ánimo pol-os ditos d' a superiora, astreves' a erguer aqueles dous ollifios com' os ceos, fixaos n' a cabeza d' abadesa é vend' os calzós d' o crego que lle sirven de velo ou de pano, dille:

—!Señora, que Dios vos asista; Libre sódes de falar canto queirádes pro por favor, compoñede ó que tedes n' a cabeza....

A Abadesa, que non entendeu ó que quiria decil-a rapaza, repuxo:

—¿De que falas, lengüateira, deque falas? ¿Chega teu teson ó derradeiro d' ambromarme, ou que coidas? Son os teus feitos cousa de risa?

—Señora; repitovos que sodes libre de dicir canto queirades: pro por favor, compoñede o que tedes n' a cabeza....

Tanto dito, rípitido con certo aire atraeu os ollos d' as monxas sobr' a superiora, ó mesmo tempo qu' esta levou a' s mans á cabeza....

Enton comprendeu por que Sabela dixera todo aquilo.

Descocertada á Abadesa, é concendo que non podia poñer outra carantofía á sua aventura, cambiou n' o tonillo d' as suas palabras, concruindo por espricar "de qu' os enemigos d' a y-alma son tres" pro qu' o mais condenado é a carne.

Dend' enton a Abadesa d' o convento de Rianxo foi outra....

Sabeliña sigueu, com' as demais monxas, emprestando seus servicios á relixión e sendo Sierva del Señor.

II.

Merreu fai alguns anos.

O seu enterro foron os cregos de total-as parroqueas d' o autamento..:

Dixéronse moitas misas.

E levou palma e coroa.

N-O ALBUN D' A SIÑURITA

DOÑA RAFAELA RODRIGUES PRACER.

Sin non tivese o curazon magoadado
por acedas lembranzas,
si poidera espricar tod' o que sinto
n-o mais fondo d' a y-alma...
eu rogaría ás musas que me desen
tan xiquera unha cántiga
para laudar á dona de este libro

qu' a miña pruma aldraxa...;
e si elas atendesen o meu rogo
póndome bóa cara,
estonces diciria qu' os seus ollos
ó acebache empanan,
por que son tan negriños com' a pena,
tan dóces com' os bágoas,
tan lindos, estén tristes ou alegres,
coma o surrir d' a y-alba;
qu' os beiciños roubaron á frescura
d' a mañan orballada,
y-a tinta d' as cereixas ben compridas
ou mellor d' a escalrata;
qu' o cabelo que en crenchas arrecolle
mesmiñamente igoala
en cór ó empadecer d' un día sereo;
qu' os dentes dan ó nácrar
envexa n-a brancura, e n-o xuntiños
á unha piña d' as mánsas;
y-ó seu corpiño que tan feito tén
non haxo comparanza.

Mai s... ¿qu' fei dicila si non son poeta?,
¿si a ispiración me falta?,
¿e si vivo n-un mundo de recordos
e d' acedas lembranzas?

R. Pesqueira Crespo

Madrid, 1887.

COMPARSAS E TRANGALLADAS

Non hay nada mais pintoresco, o ó mesmo tempo mais salvaxe e piligroso, qu' o hipódromo improvisado pol-os que veñen á feirar caballerias, n-os días correspondentes, n-esta nobre, patriarcal, antiga e orixinal cibdá de Betanzos.

A praza d' o Compo presenta en tal momento o aspecto que debun ofrecer o mundo cando homes e animais fuxian confundidos d' as augas d' o deluvio universal: tamen aquí, homes e facos, formigando d' un lado pr' outro, tropézanse, abrázanse, bicanse, sin que ¡oh providencia divina! haxa un pé aplastado, nin unha testa rota, á pesar de qu' os donos d' os cabalos pra amostar as boas cualidás d' estes rompen ás carreiras por entr' os grupos sin dicir tan siquiera: ¡abrir paso, qu' alá van dous animales!

Onto, ó probar un rapás a esfameada sardiña que montaba e cando volvia cost' abaixo, tomou o faco mais fumes que forza tiña, indo á caer ás catro patas sobre os croyos d' o chan e collendo debaixo ó xinete, que debia téer bos reaños, pois anque se levantou coxeando e todo magoadado non dou siquiera un chílo.

Si non fora porque "non se debe romper co-as tradicións", pidiriamos ó señor alcalde que señalase outro sitio pra tal gando e tales carreiras, podendo ser, á falta d' outros mellores qu' hay, a mesma carreteira e obrigand' ós feireantes á gardar orden e poñerse en ringoleira.

Pro... hay que respetar as tradicións.

Os tres días de dar conta O Antroido d' o estado

desesperado e miserabre en que s' atopaba o crego don Silvestre, pasou á mellor vida, non sendo pouca parte á mais d' os anos e os achaques pra pricipitar o seu fin, a estreches en que viña vivindo e a carencia de medios pra coidarse como debía.

¡Dios o haya recollido n-o seu séo!

O facernos eco n-o último número d' as marmulaciós pouco favorables á humanidá e compañerismo de certa respetable clás, debemos facer unha esceución en favor d' un sacerdote que tivo sempre a sua bolsa aberta pra socorrello hastr' onde lle permitian as suas forzas, non consinando aquí o seu nome por non ofender a modestia qu' o distingue.

A todo esto din os maliciosos: "non hay regra sin esceución."

O ANTROIDO asistiu ó ensayo d' o gracioso sainetiño-apropósito que s' ha poñer en escena o miércoles próusimo con motivo d' a (por adiantado) chorada morte d' o seu soberano e señor.

O argumento é bastante complicado e d' unha acción moi viva, a verseificación fáctil e fruída ten algunhas estancias maníficas, e pol-o que respecta á execuccion promete enterpretar o pensamento d' os autores.

O que queira saber mais, qu' afroxe as cadelas o día d' a representación.

Apropósito d' o *apropósito* que se representará n-o teatro, diroí á vostedes qu' a compañía de zarzuela e decramacion qu' está facendo as dilicias d' o público de Rivadeo, virá á consolarnos d' as tristezas d' a Coaresma, tan pronto espiche meu consabido e amado señor.

Eu, anque co-a gasa n-o sombreiro e as bagoas n-os ollos, non deixarei d' ir á buscar ó teatro o consolo que me fará falla, siquera por qu' a miña fraca herdeira rabée ó ver que non m' anseña á ser sofrido.

E convidos á vostedes.... e-os seus cartos.

Houbo pouca concurrencia (por parte d' os mozos, qu' élas non faltaron) n-os bailes públicos, eso qu' o preceo d' a entrada non podía asustar á ninguen.

Debo dicir ós que se fagan o remolon, que non faltaron boas rapazas, qu' houbo (relativamente) bastante orden e que non debun esquecer qu' os bailes son o mellor sitio pra facer conquistas.

EPIGRAMA.

Certo irade muy famoso
confesaba a unha rapaza,
qu, calaba pol-a traza,
un pecado vergonzoso.
«Dí o pecado a tema a Dios»
esgramou o Pai Frai Bras
y-ela dixo: «non hay mais
qu' aquel qu' sabedes vos.»

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.